Memoria de actividades da Igrexa en Galicia 2025



DIOCESE TUI-VIGO

DIÓCESIS DE LUGO

DIÓCESIS MONDOÑEDOFERROL

ARQUIDIOCESE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DIÓCESIS DE OVRENSE

Imprime: Noroeste Gráfico Impresor, S.L.

Edita: Noroeste Gráfico Impresor, S.L.

Depósito Legal: C 2076-2026

ÍNDICE

1. Unha fe que se fai vida 4
2. A Igrexa católica en Galicia 6
   a. Anunciar a fe 6
      I. Actividade Pastoral 7
      II. Educación católica e educación en universidades 11
      III. Misioneiros 13
      IV. Patrimonio 15
   b. Celebrar a fe 19
      I. Sacramentos 19
      II. Relixiosidade popular, santuarios, celebracións e festas relixiosas 23
   c. Vivir a fe 25
      I. Actividade caritativa e asistencial 25
      II. Compromiso coa protección de menores e persoas vulnerables 31
      III. Presenza no ámbito da saúde 32
      IV. Presenza no ámbito do mar 34
      V. Presenza no ámbito penitenciario 36
3. A economía diocesana 39
   a. Recursos ano 2025 40
   b. Gastos ano 2025 41



1. UNHA FE QUE SE FAI VIDA

«Estamos chamados a ofrecer o amor de Deus a todos» — León XIV · 18 de maio de 2025

Nas parroquias, nas aulas, nos hospitais, nos centros de acollida e nos fogares, a vida da Igrexa en Galicia toma forma en persoas e comunidades concretas. Persoas que celebran e transmiten a fe, que acompañan a quen atravesa unha dificultade, que educan, que coidan e que comparten o seu tempo e os seus recursos. Esta Memoria recolle unha parte dese camiño durante o ano 2025.

As cinco dioceses galegas —Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo— presentamos esta terceira edición da Memoria de Actividades para dar a coñecer a nosa vida e misión e explicar o destino dos recursos que recibimos. Facémolo tamén con gratitude cara a todas as persoas que sosteñen as nosas comunidades e fan posible o seu servizo á sociedade.

O anuncio do Evanxeo, a celebración da fe e o servizo aos demais forman parte dunha mesma vida, que nace do encontro con Xesucristo. A eucaristía reúne á comunidade e alimenta a súa entrega; a catequese e a educación axudan a descubrir e vivir a fe; a caridade exprésase na atención concreta a cada persoa. Desa relación nace o traballo que estas páxinas procuran mostrar.

En Galicia, a vida da Igrexa está profundamente ligada ás persoas e ao territorio. Nas vilas, nas cidades e nas parroquias rurais, as comunidades cristiás son lugares de encontro, de transmisión da fe e de apoio mutuo. Esta presenza renóvase cada día na escoita, no acompañamento e na disposición a responder ás necesidades de quen temos cerca.

Ao longo destas páxinas atopamos a dedicación de sacerdotes, persoas consagradas e laicos que comparten unha mesma misión desde vocacións e responsabilidades diversas. O seu compromiso faise visible na educación dos máis novos, no coidado das persoas enfermas e maiores, no apoio ás familias, na acollida de quen busca unha oportunidade ou na conservación dun patrimonio que recibimos e queremos transmitir.

Os datos permiten coñecer a dimensión desta actividade. Detrás deles hai historias persoais, encontros e moitas horas de dedicación. Hai tamén necesidades ás que aínda debemos responder e un traballo que cómpre seguir mellorando. Dar conta do realizado axúdanos a recoñecer o camiño percorrido e a asumir con responsabilidade o que temos por diante.

Publicamos esta Memoria como un exercicio de transparencia e unha invitación a coñecer máis de preto a Igrexa en Galicia. Grazas a todos os que, coa súa fe, o seu traballo, a súa colaboración e a súa confianza, fan posible este servizo compartido.

2. A IGREXA CATÓLICA EN GALICIA

As dioceses de Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo forman a Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela. A través das súas parroquias, comunidades relixiosas e institucións, a Igrexa participa na vida de Galicia e atende realidades moi distintas: desde os barrios das cidades ata as pequenas comunidades do rural.

Esta Memoria reúne a actividade pastoral, celebrativa e social das cinco dioceses e a información sobre os recursos destinados a sostela. O anuncio de Xesucristo, a celebración da fe e a caridade explican o sentido do traballo que se recolle nos seguintes apartados.



A. ANUNCIAR A FE

A fe chega a nós a través doutras persoas. Apréndese na familia, compártese na parroquia e medra coa axuda de quen ensina, dá testemuño e responde ás preguntas que van xurdindo. A Igrexa ofrece este encontro con Xesucristo a cada xeración, tamén a quen apenas o coñece ou se afastou da vida cristiá.



I. Actividade Pastoral

«Proclamar sen medo o Evanxeo do Señor Xesús» — Mons. Antonio Valín Valdés · Bispo de Tui-Vigo · 9 de maio de 2025

A parroquia é, para moitas persoas, a referencia máis próxima da Igrexa. Nela celébrase a eucaristía, recíbense os sacramentos, edúcase na fe e aténdese a quen precisa axuda. A súa vida depende da dedicación dos sacerdotes e de moitas persoas que asumen tarefas de catequese, liturxia, administración, mantemento ou atención social.

Nº de parroquias en Galicia:

3.643

1.139 Lugo

423 Mondoñedo-Ferrol

735 Ourense

1.070 Santiago de Compostela

276 Tui-Vigo

A dispersión da poboación e o envellecemento condicionan especialmente a atención pastoral en Galicia. Nas comunidades máis pequenas, manter a celebración e o contacto cos veciños esixe desprazamentos, colaboración entre parroquias e unha maior participación dos laicos. As necesidades dos barrios urbanos e das familias que chegan de fóra piden tamén respostas axeitadas.





Coñecer esta realidade e escoitar as persoas é necesario para organizar o traballo. Os consellos pastorais e os encontros de formación ofrecen espazos para compartir necesidades, tomar decisións e repartir responsabilidades.



UNHA MISIÓN COMPARTIDA

1.085 Sacerdotes

15

Diáconos permanentes

1.217

Relixiosos e relixiosas

52 Seminaristas

315 **en 34 mosteiros**

Monxas e monxes de clausura

263

Misioneiros en activo







Todos os bautizados participamos na misión da Igrexa. Os bispos, sacerdotes e diáconos serven á comunidade polo ministerio ordenado. As persoas consagradas achegan a súa vida de oración e o traballo propio de cada congregación. Os laicos viven a fe na familia, na profesión e na sociedade, e asumen tamén responsabilidades nas parroquias e nas institucións eclesiais.

O acompañamento das familias, a catequese, a atención á mocidade e o discernimento das vocacións necesitan persoas preparadas e comunidades que se impliquen. Os seminarios forman os futuros sacerdotes e contan coa oración e a colaboración dos fieis. A formación sacerdotal é unha responsabilidade de toda a Igrexa e comprende tanto a preparación académica como a vida espiritual, comunitaria e pastoral.





II. Educación católica e educación en universidades

«A Igrexa está chamada a ser casa e escola na que a persoa aprenda a abrirse á verdade» — Mons. Alfonso Carrasco Rouco · Bispo de Lugo · Liñas de acción pastoral 2025–2026



Educar supón atender a persoa enteira: o que aprende, as relacións que establece, as decisións que toma e as preguntas que se fai sobre a vida. A educación católica ofrece unha proposta fundada na dignidade de cada alumno e no encontro entre a fe e a razón.

Esta tarefa comeza nas familias e continúa nas parroquias e nos centros de ensino. A Igrexa participa nela a través dos colexios de ideario católico, da formación profesional e da educación especial, da presenza no ámbito universitario e do traballo dos profesores de Relixión. Tamén nas actividades de tempo libre e voluntariado se aprende a convivir e a facerse cargo dos demais.

A relación coas familias e a atención aos alumnos que atopan máis dificultades forman parte do labor educativo. Xunto á aprendizaxe, importa que cada persoa poida desenvolver as súas capacidades, formular as súas preguntas e madurar con liberdade.

Nun tempo de abundancia de información e de cambios tecnolóxicos, educar require axudar a pensar e a discernir. Formar a conciencia, aprender a distinguir o verdadeiro do falso e responder das propias decisións son tarefas que afectan tanto á vida persoal como á convivencia.



1.324

Profesores de Relixión

149.038

Alumnos matriculados en Relixión

7

Colexios diocesanos

1.486

Alumnado en colexios diocesanos

+100

Colexios concertados de ideario católico

3.154

Persoal docente dos centros concertados

48.063

Alumnado en colexios concertados de ideario católico



III. Misioneiros

«Todos somos discípulos e todos somos misioneiros» — Mons. Francisco José Prieto Fernández · Arcebispo de Santiago de Compostela · 7 de marzo de 2025

Sacerdotes, persoas consagradas e laicos galegos viven a súa vocación misioneira noutras partes do mundo. Comparten a fe e a vida das comunidades que os reciben, aprenden as súas linguas e costumes e traballan con elas nas necesidades de cada lugar.

O anuncio do Evanxeo e a formación das comunidades cristiás van unidos, en moitos casos, ao labor educativo, sanitario e social. A permanencia dos misioneiros permite dar continuidade a ese traballo e establecer relacións que se manteñen ao longo dos anos.





As dioceses galegas colaboran con esta misión mediante a oración, as achegas económicas e as campañas de Obras Misionais Pontificias: Domund, Infancia Misioneira e Vocacións Nativas. O contacto cos misioneiros axuda a coñecer a vida doutras Igrexas e as dificultades que afrontan.

Países nos que hai misioneiros galegos/as:



263

Nº de misioneiros/as galegos/as en activo

60
Lugo

11
Mondoñedo-Ferrol

58
Ourense

110
Santiago de Compostela

24
Tui-Vigo

CAMPAÑAS MISIONEIRAS 2025



638.611,05 €	111.236,03 €	171.850,44 €
Propagación da Fe -Domund	Infancia Misioneira	San Pedro Apóstolo

IV. Patrimonio



As igrexas, catedrais e mosteiros de Galicia gardan a memoria de xeracións que expresaron a súa fe a través da arquitectura e da arte. Nos arquivos, bibliotecas e museos consérvanse documentos e obras que permiten coñecer esa historia e que forman parte do patrimonio cultural galego.



Número de bens inmobles de interese cultural:

- **36** Lugo
- **12** Mondoñedo-Ferrol
- **32** Ourense
- **47** Santiago de Compostela
- **4** Tui-Vigo

Conservalo esixe un traballo continuado. Á atención ordinaria dos edificios súmanse as restauracións, a catalogación das pezas, a investigación e as medidas necesarias para a súa protección. As dioceses, parroquias e comunidades relixiosas dedican recursos a esta tarefa, coa colaboración das administracións e doutras entidades.

Moitos destes lugares seguen sendo espazos de culto. A visita permite coñecer as obras e comprender o uso para o que foron creadas. Nas pequenas parroquias, o templo conserva ademais unha especial importancia na vida e na memoria dos veciños.

Número de visitas á catedral:

- **60.000**
  Lugo
- **24.360**
  Mondoñedo-Ferrol
- **43.325**
  Ourense
- **3.000.000** (aprox.)
  Santiago de Compostela
- **42.386**
  Tui-Vigo



A apertura das igrexas nas rutas do Camiño de Santiago facilita o acceso a este patrimonio e a acollida dos peregrinos. A conservación dos bens eclesiásticos conta tamén coa colaboración entre as dioceses e as administracións. En 2025 continuou este traballo a través dos convenios de restauración e das actuacións do Plan Catedrais de Galicia.

Número de proxectos de construción e rehabilitación de templos, casas reitorais, retablos...:

- ✓ **33** Lugo
- ✓ **14** Mondoñedo-Ferrol
- ✓ **19** Ourense
- ✓ **27** Santiago de Compostela
- ✓ **7** Tui-Vigo

Cantidade de diñeiro investido en ditos proxectos:

1.769.771,95 €
Lugo

1.050.003,04 €
Mondoñedo-Ferrol

935.336,00 €
Ourense

3.705.306,36 €
Santiago de Compostela

2.275.935,17 €
Tui-Vigo



B. CELEBRAR A FE

I. Sacramentos

«Fomos feitos para alimentarnos de Deus»
— León XIV · Solemnidade do Corpo e Sangue de Cristo · 22 de xuño de 2025



Número de catequistas:

2.587

- ✓ **Lugo** **183**
- ✓ **Mondoñedo-Ferrol** **237**
- ✓ **Ourense** **380**
- ✓ **Santiago de Compostela** **1.320**
- ✓ **Tui-Vigo** **467**

Os sacramentos acompañan a vida cristiá desde o bautismo. Nel recibimos a condición de fillos de Deus e incorporámonos á Igrexa. A confirmación fortalece o don do Espírito Santo e a eucaristía alimenta a unión con Cristo e cos irmáns. Son os tres sacramentos da iniciación cristiá.

A preparación para recibilos implica ás familias, aos catequistas e á comunidade parroquial. Aprender a rezar, coñecer o Evanxeo e participar na celebración son parte dun proceso que necesita tempo e continuidade. A catequese axuda a vivir a fe máis alá da data dun sacramento.

Número de bautizos: 7.396

- **600** Lugo
- **557** Mondoñedo-Ferrol
- **680** Ourense
- **4.699** Santiago de Compostela
- **860** Tui-Vigo

O domingo reúne a comunidade arredor da eucaristía. Coidar a celebración e facilitar a participación dos fieis é unha tarefa central da pastoral, especialmente onde a distancia ou a falta de sacerdotes dificultan a atención ás parroquias.

Número de primeiras comuñóns: 8.410

- ✓ **Lugo** 675
- ✓ **Mondoñedo-Ferrol** 575
- ✓ **Ourense** 629
- ✓ **Santiago de Compostela** 5.642
- ✓ **Tui-Vigo** 889





A penitencia ofrece o perdón e a reconciliación; a unción dos enfermos sostén na enfermidade; o matrimonio e a orde consagran vocacións ao servizo da familia e da comunidade. A través dos sacramentos, a Igrexa fai presente a proximidade de Cristo nas distintas etapas da existencia.



3.990

Número de confirmacións:

Lugo	Mondoñedo-Ferrol	Ourense	Santiago de Compostela	Tui-Vigo
444	207	450	2.320	569



1.253

Número de matrimonios:

Lugo **152**	Ourense **125**	Tui-Vigo **187**
Mondoñedo-Ferrol **85**	Santiago de Compostela **704**	

II. Relixiosidade popular, santuarios, celebracións e festas relixiosas

Número de santuarios:



Lugo	4
Mondoñedo-Ferrol	8
Ourense	12
Santiago de Compostela	11
Tui-Vigo	3

As festas patronais, as romarías e as procesións forman parte da maneira na que o pobo galego viviu e transmitiu a fe. Reúnen familias e veciños, manteñen costumes recibidos dos maiores e expresan a devoción a Cristo, á Virxe María e aos santos.

Nos santuarios, moitas persoas presentan unha preocupación, agradecen un ben recibido ou buscan tempo para a oración. A acollida, a celebración dos sacramentos e a atención pastoral axudan a coidar o sentido cristián destas visitas.

As confrarías teñen un papel destacado na Semana Santa e noutras celebracións. O seu traballo ao longo do ano inclúe a preparación dos actos, a conservación das imaxes, a formación e as iniciativas de caridade.

O Camiño de Santiago achega a Galicia persoas de todo o mundo. As comunidades situadas nas súas rutas participan na acollida e ofrecen a posibilidade de rezar e celebrar a fe durante a peregrinación. Durante o 2025, as cinco dioceses galegas peregrinaron a Roma. Estas peregrinacións permitiron compartir a oración e a celebración dos sacramentos, fortalecer os vínculos entre os participantes e expresar a comuñón coa Igrexa universal.

Festas de interese turístico:

Lugo	Mondoñedo-Ferrol	Ourense	Santiago de Compostela	Tui-Vigo
4	2	2	26	6



Peregrinos que chegaron a Santiago:

530.717

C. VIVIR A FE

O amor ao próximo pertence á vida da Igrexa. Exprésase na atención a quen carece do necesario, no coidado das persoas enfermas e no apoio a quen atravesa unha situación de exclusión. As parroquias, as congregacións e as entidades eclesiais sosteñen este labor coa colaboración de profesionais, voluntarios e doantes.

I. Actividade caritativa e asistencial

«Queremos solidarizarnos con eles e mostrarlles a nosa disposición a axudalos» — Mons. Leonardo Lemos Montanet · Bispo de Ourense · Mensaxe ante os incendios, 13 de agosto de 2025

Datos totais da acción caritativa e asistencial da Igrexa en Galicia:

- **Centros asistenciais: +500**
- **Centros sociais e asistenciais da Igrexa: 540**
- **Persoas atendidas: 97.949**

Comedores, centros de acollida, residencias e programas de atención ás familias responden a necesidades que afectan a persoas de distintas idades e procedencias. A atención préstase respectando a dignidade e as convicción de quen acode a ela.

A axuda inmediata pode ser o primeiro paso dun acompañamento máis longo. Recuperar a autonomía, acceder a unha vivenda ou atopar un emprego require tempo e coordinación con outros servizos. A

Casas para anciáns, enfermos crónicos ou persoas con discapacidade

- Centros: 64 – **5.571 beneficiarios/as**

Centros de menores e mozos e outros centros para a tutela da infancia

- Centros: 26 – **5.967 beneficiarios/as**

Centros de atención a inmigrantes, refuxiados e prófugos

- Centros: 5 – **762 beneficiarios/as**

Centros de rehabilitación para drogodependentes

- Centros: 5 – **760 beneficiarios/as**

proximidade das comunidades permite tamén detectar situacións de soidade ou dificultade que non sempre chegan ás institucións.

As emerxencias poñen a proba esta capacidade de resposta. Ante os incendios de agosto de 2025, a presenza dos párrocos nas zonas afectadas e as chamadas á solidariedade expresaron a proximidade da Igrexa ás persoas damnificadas. Á oración polas vítimas e por quenes combatían o lume uniuse a disposición a colaborar na atención ás necesidades.

A colaboración económica das comunidades contribúe tamén a soster proxectos de atención social. En 2025, entre os destinos das colectas vinculadas ás celebracións xubilares estiveron os programas de acompañamento ás vítimas de trata. A atención a estas persoas compleméntase con iniciativas de sensibilización que dan a coñecer a explotación que sofren e reclaman o respecto dos seus dereitos.

Centros para promover o traballo

-Centros: 25 – **5.755 beneficiarios/as**



Centros de promoción da muller e vítimas de violencia

- Centros: 8 – **4.342 beneficiarios/as**





Centros para a defensa da vida e da familia

- Centros: 13 – **2664 beneficiarios/as**



Centros para mitigar a pobreza

- Centros: 425 – **53.201 beneficiarios/as**



5

Cáritas diocesanas

468

Cáritas parroquiais e interparroquiais

68.938

Persoas participantes e acompañadas

4.360

Persoas voluntarias

254

Persoas contratadas

185

Presenza en concellos

538

Puntos de atención

19.042.287,06 euros

Recursos invertidos

Cáritas é a expresión organizada da caridade da comunidade cristiá. A través dos equipos diocesanos, parroquiais e interparroquiais, acolle ás persoas que viven situacións de pobreza e exclusión e procura coñecer con elas as causas da súa dificultade.

A atención ás necesidades básicas complétase con programas de emprego, vivenda, apoio ás familias e acompañamento das persoas migrantes. Cada proceso require acordar pasos posibles coa persoa atendida e respectar as súas decisións.



O voluntariado e os equipos profesionais sosteñen este traballo, financiado coa colaboración de socios, doantes e entidades. Cáritas leva tamén á sociedade o coñecemento das situacións de pobreza e reclama respostas ás causas que as provocan.



Acción de Mans Unidas

195

Persoas voluntarias

531

Proxectos no mundo

Manos Unidas traballa contra a fame, a pobreza e as súas causas. Apoia proxectos de cooperación ao desenvolvemento que nacen das necesidades das comunidades e se realizan coa súa participación.

A educación, a saúde, o acceso á auga, a alimentación e os dereitos das mulleres son algúns dos ámbitos desta colaboración. En Galicia, as delegacións e o voluntariado organizan campañas e actividades para financiar os proxectos e dar a coñecer as condicións de vida das poboacións ás que se destinan.



II. Compromiso coa protección de menores e persoas vulnerables

Protexer aos menores e ás persoas vulnerables obriga a toda a Igrexa. A acollida das vítimas, a escoita do seu relato e o recoñecemento do dano sufrido son fundamentais para ofrecerlles orientación e acompañamento, e para asumir as responsabilidades que correspondan.

As oficinas diocesanas son lugares de referencia para esta atención e para o traballo preventivo. A formación de sacerdotes, catequistas, educadores e responsables de actividades debe axudar a recoñecer situacións de risco e a saber como actuar.

A prevención require procedementos coñecidos, responsabilidades claras e unha revisión efectiva das prácticas. A transparencia e a atención ás vítimas deben orientar este traballo de maneira continuada.





Oficinas diocesanas
5

Formacións impartidas
14

Horas de formación
30

Beneficiarios da formación
920

Casos atendidos
8

III. Presenza no ámbito da saúde

«A Igrexa necesítavos e quere acompañarvos tamén no voso camiñar» — Mons. Fernando García Cadiñanos · Bispo de Mondoñedo-Ferrol · Mensaxe ás persoas con discapacidade e ás súas familias, 3 de decembro de 2025



A enfermidade altera a vida da persoa e da súa familia. A presenza dos capeláns e dos equipos de Pastoral da Saúde ofrece atención espiritual nos hospitais, nas residencias e nos domicilios, respectando sempre a vontade de quen a recibe.

Unha visita permite escoitar as preocupacións, compartir a oración ou facilitar a recepción dos sacramentos. O acompañamento atende tamén ás familias e ás persoas coidadoras, que afrontan o cansazo e a incerteza da enfermidade.

A dignidade da persoa permanece na dependencia, na discapacidade e na proximidade da morte. Coidala implica recoñecer a súa voz e as súas necesidades, así como facilitar a súa participación na vida da comunidade.

A formación dos axentes pastorais axuda a prestar mellor este servizo, especialmente na escoita e no acompañamento no dó. A colaboración entre as dioceses expresouse tamén na celebración da Pascua do Enfermo: o 25 de maio de 2025, as cinco dioceses galegas celebrárona en distintos santuarios marianos, coa participación das persoas enfermas e de quenes as coidan.

Centros hospitalarios nos que está presente a Igrexa: **30**

Capeláns en hospitais: **45**

Parroquias con grupo de Pastoral da Saúde: **55**

Voluntarios e axentes de Pastoral da Saúde: **198**

Persoas acompañadas ao mes en domicilios: **418**

Persoas acompañadas ao mes en hospitais: **3.050**

Sacramentos en hospitais: **11.548**

Participantes na eucaristía: **19.257**

Comuñóns a enfermos: **6.418**

Persoas dedicadas á atención hospitalaria: **41**



IV. Presenza no ámbito do mar

O traballo no mar leva consigo longas ausencias do fogar e, con frecuencia, dificultades para comunicarse coa familia. O Apostolado do Mar e os centros Stella Maris ofrecen acollida ás tripulacións que chegan aos portos e atención aos mariñeiros e ás súas familias.

1

Delegacións de Pastoral do Mar

10

Voluntarios de Pastoral do Mar

418

Persoas atendidas



As visitas aos barcos permiten coñecer as necesidades dos traballadores, facilitar o contacto cos seus e ofrecer acompañamento persoal e relixioso. Esta atención está aberta a persoas de calquera procedencia ou crenza.

Nunha terra tan vinculada ao mar como Galicia, a Igrexa comparte a preocupación polas condicións laborais, a seguridade e a vida familiar de quen traballa nel.



V. Presenza no ámbito penitenciario



Os capeláns e o voluntariado da Pastoral Penal acompañan ás persoas privadas de liberdade. Dentro dos centros ofrecen atención relixiosa, celebración dos sacramentos, formación e escoita persoal.

Este traballo continúa na preparación da saída. As casas de acollida e os programas de apoio axudan durante os permisos e na recuperación da liberdade, especialmente cando a persoa carece dunha rede familiar ou social. A colaboración coas familias, co persoal das penitenciarías e con outras entidades facilita a continuidade da atención.

A reinserción require oportunidades e apoio para asumir responsabilidades e reconstruír a propia vida. O respecto ás vítimas e ao dano causado forma parte deste labor.



Datos:

7
Capeláns en centros penais

60
Voluntarios en centros penais

61
Entidades colaboradoras

24
Programas (área social, xurídica e relixiosa)

281
Persoas que participan en celebracións en capelanía

416
Paquetes de roupa entregados

293
Persoas atendidas no paquete de roupa

9
Casas de acollida para persoas privadas de liberdade

272
Persoas acollidas en casas diocesanas

31.108,28 €
Axudas económicas

3. A ECONOMÍA DIOCESANA

«A economía non é un fin en si mesma» — León XIV · Mensaxe á 31ª Conferencia Industrial de Arxentina · 8 de setembro de 2025

A actividade que recolle esta Memoria necesita recursos. A atención pastoral e social, a formación, o sostemento das persoas e a conservación dos edificios supoñen gastos que as dioceses e as parroquias afrontan coa colaboración dos fieis e con outras fontes de financiamento.

Presentar as contas permite explicar a procedencia destes recursos e o seu destino. Os cadros económicos recollen os ingresos e os gastos do exercicio 2025, segundo o ámbito das entidades incluídas.

As colectas, as subscricións, os donativos e a asignación tributaria contribúen ao sostemento da Igrexa. Administralos con responsabilidade e dar conta do seu uso é unha obriga cara a quen confía nela e cara á sociedade.

a. RECURSOS ANO 2025

1. Achegas voluntarias dos fieis — **28.178.313,07 €**

   Colectas, subscricións periódicas e outras achegas voluntarias sen contraprestación

2. Asignación tributaria — **27.113.446,12 €**

   Recursos recibidos a través do sistema de asignación tributaria

3. Ingresos do patrimonio e doutras actividades — **15.865.771,14 €**

   Rendas do patrimonio inmobiliario e financeiro e ingresos das actividades económicas

4. Outros ingresos correntes — **13.946.902,66 €**

   Ingresos por servizos, subvencións e achegas doutras institucións, xunto cos restantes recursos correntes

Total de recursos ordinarios
85.104.432,99 euros

5. Ingresos extraordinarios — **5.099.684,26 €**

   Alleamentos de patrimonio, subvencións de capital e outros ingresos extraordinarios

Total recursos
90.204.117,25 euros

b. GASTOS ANO 2025

1. Accións pastorais e asistenciais — **20.626.497,85 €**

   Gastos das actividades pastorais e asistenciais desenvolvidas polas dioceses e polas parroquias

2. Retribución do clero — **12.978.199,03 €**

   Recursos destinados ao sostemento dos clérigos polo exercicio do seu ministerio

3. Retribución do persoal segrar — **11.570.354,16 €**

   Retribucións do persoal segrar contratado polas dioceses

4. Achegas aos centros de formación — **3.037.946,59 €**

   Recursos destinados aos seminarios, institutos superiores, colexios e outras iniciativas formativas

5. Conservación de edificios e gastos de funcionamento — **21.873.025,98 €**

   Mantemento ordinario, subministracións, servizos externos, impostos e gastos financeiros

Total gasto ordinario 70.086.023,61 €

6. Gastos extraordinarios — **8.082.953,12 €**

   Construción de templos, rehabilitación de edificios e outras actuacións extraordinarias

7. Capacidade de financiamento — **12.035.140,52 €**

Total gasto 90.204.117,25 euros